



Programación cultural *Oleiros*

outono 2016

setembro
decembro



**Concello de
Oleiros**

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NOS AUDITORIOS MUNICIPAIS

MÚSICA • CINE • TEATRO



Centro cultural A Fábrica

*Rúa do Inglés, s/n
Perillo*



Centro cultural As Torres

*Rúa Emilio Pardo Bazán, 17
Santa Cruz / Liáns*



Auditorio Gabriel García Márquez

*Rúa do Chelito, s/n
Mera / Serantes*

Sábado 24 de setembro
às 20.00 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



Concerto da agrupación musical **BATUKO TABANKA**

O centro cultural A Fábrica, de Perillo, acollerá entre os días **19 e 30 de setembro** a exposición promovida polo **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** titulada Galicia-Cabo Verde: Unha Irmandade. Esta exposición vai acompañada da actuación da agrupación musical **Batuko Tabanka** e dunha charla informativa sobre Cabo Verde.

Batuko Tabanka é unha agrupación musical composta por doce mulleres caboverdianas radicadas en Burela, que reivindicán a música tradicional de Cabo Verde e a necesidade de difundir a cultura e tradicións do seu país dentro do tecido social galego.

Doce mulleres de Cabo Verde, afincadas en Burela, baten con furia e alegría sobre un pano pregado que colocan entre as pernas: o batuko. O trebón percusivo medra e reflúe periodicamente, acompañando cánticos entre os que se colan risos e desafíos. De cando en vez, no medio dunha canción, unha delas sae ao centro da escena, mostrando toda a forza do movemento africano, salseando diversidade cultural desde o medio do atlántico. O ruído rebelde de Batuko Tabanka dura tempo suficiente para poñer a “pel de galiña” a quen escoite estas batukadas, coladeiras, mornas... mesturadas co salseiro cantábrico que achega Galiza.

CONTIDO DA EXPOSICIÓN

Rober Amado emprende unha viaxe dun mes por 6 das 10 illas que compoñen o arquipélago caboverdiano, visitando os principais proxectos apoiados polo Fondo Galego durante os 11 anos de cooperación con Cabo Verde. As súas instantáneas mesturan viaxes da vida diaria das persoas que se viron beneficiadas polos proxectos apoiados polo Fondo Galego, que no seu conxunto nos achegan á realidade do país.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



Sábado 1 de outubro
às 20.30 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



Concerto de FADO VIOLADO

Fado Violado, é un proxecto que mestura maxistralmente dous estilos aparentemente ben distantes, o fado e o flamenco e que nace en 2008 das mans de **Ana Pinhal** e **Francisco Almeida**, ambos naturais da cidade de Porto. Ana Pinhal comeza dedicándose á canción pop, á bossa nova e ao MPB de forma amadora, integrando a partir de 2002 os coros de BoiteZuleika.

No seu primeiro disco, “A Jangada de Pedra”, Fado Violado, parte da tradición e viaxa pola península ibérica recreando o fado e engadíndolle a densidade do flamenco, pero sen afastarse nunca da branca, máxica, viaxeira, pero melancólica Lisboa.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.



Domingo 2 de outubro
às 12.00 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



XII Festival Internacional Consorcio

As Mariñas-Galicreques 2016

“CINEAMANO”

Nome da compañía: El Ojo Títeres

Procedencia: Uruguai

Técnica: animación analóxica en tempo real

Idioma: sen texto

Duración: 42 minutos

Idades recomendadas: adolescentes e adultos, especialmente recomendado para maiores de 15 anos

Sinopse: *Cineamano* toma a forza do cine para expoñer en gran formato secuencias de imaxes e debuxos que van creando unha narrativa visual efémera. A súa execución, en vivo e a vista do público, permite ao espectador contemplar a pintura como proceso creativo, onde a artista crea personaxes en escenarios específicos, novos en cada representación. O ritmo e as imaxes van ligados á música e letra das cancións, narrando historias urbanas, de rúa, que se potencian co trazo expresionista, graffiteiro e o branco e negro.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Domingo 2 de outubro
às 20.00 horas
Teatro As Torres, de Santa Cruz

Proxección de **DIOS MÍO, PERO QUE TE HEMOS HECHO?**

Dirección: Philippe De Chauveron

País: Francia

Ano: 2014

Duración: 97 minutos

Xénero: comedia

Cualificación: todos os públicos

Reparto: Chantal Lauby, Ary Abittan, Christian Clavier

Sinopse: Un matrimonio conservador parisiense ten catro fillas que só lle dan desgustos: a maior cácase cun musulmán, a segunda cun xudeu e a terceira cun chinés. O matrimonio deposita as súas esperanzas na menor, que vai casar pola igrexa, ata que descubren que o mozo é negro.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Venres 7 de outubro
às 20.30 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



Concerto da agrupación

JOUNI KOSKIMÄKI & HIGHREGISTER ORCHESTRA (Finlandia)

O repertorio da agrupación vai desde a música tradicional do ártico finlandés aos ritmos dos Balcáns; desde o jazz á beleza das diferentes músicas étnicas, e todas elas con arranxos modernos e cunha forte presenza de varios instrumentos de púa, tales como mandolinas e guitarras.

Elenco: *Jouni Koskimäki* (mandolina, mandola, mandola tenor e guitarra), *Riku Kettunen* (mandolina e guitarra), *Antti Heermann* (violín), *Pekka Nättinen* (clarinete, guitarra, mandola tenor e saxofón soprano) e *Pekka Törmänen* (baixo)

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



Sábado 8 de outubro
às 20.30 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



Concerto de **BLACK BIGSTAGE 1**

Proxecto musical formado por talentosos músicos da escena local que leva aos escenarios un potente directo no que versionan a grandes artistas da música negra como Aretha Franklin, Otis Redding ou Steve Wonder.

Elenco: Iria Mejuto (voz), Jorge Quesada (baixo), Richi Rozas (guitarra), Jose García (saxo), Adrián Seijas (batería), Wilson Ortega (trompeta), Anxo Seco (teclados), Lucía Veiga (coros), Marian Ledesma (coros)



As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.



Sábado 15 de outubro
às 20.30 horas

Centro cultural A Fábrica, de Perillo



Concerto de **MAUREEN CHOI QUARTET**

Banda de latin jazz liderada pola violinista americana **Maureen Choi**, artista que plasma as súas influencias musicais e amosa a súa mestría para mesturar con elegancia jazz, latin, flamenco e música clásica. Está considerada unha das bandas de jazz máis orixinais, interesantes e sorprendentes do panorama actual.

Maureen Choi Quartet, está formado por *Maureen Choi* (violín), *Daniel García* (piano), *Mario Carrillo* (contrabaixo) e *Michael Olivera* (batería). Presentan o seu terceiro traballo, **Ida y vuelta**.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.



Domingo 16 de outubro
ás 20.00 horas

Teatro As Torres, Santa Cruz

Proxección de **SOMOS XENTE HONRADA**

Dirección: Alejandro Marzoa

País: España e Portugal

Ano: 2013

Duración: 85 minutos

Xénero: drama

Cualificación: non recomendada para menores de 12 anos

Reperto: Paco Tous, Miguel de Lira, Unax Ugalde, Manuela Vellés, Marisol Mendiola, Manuel Lozano, Ricardo de Barreiro, Antonio Durán "Morris"

Sinopse: Carlos e Miguel, dous amigos, pais de familia coruñeses, non pasan polo seu mellor momento. Chegados recentemente á cincuentena, están sen traballo e sen diñeiro. Pero un día sucede a milagre: nun día de pesca atopan un paquete con dez quilos de cocaína. Os dous amigos deciden comezar a vender a droga para saír da miseria. Pero o dilema moral non é o seu único problema...



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 22 de outubro
às 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

O Grupo Chévere,
presenta o seu espectáculo
Eroski Paraíso, escrito por
Manuel Cortés, baixo a dirección de Xron.

Autoría: Chévere

Xénero: comedia

Duración: 90 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez e Luís Martínez

Sinopse: Na sala de festas Paraíso, que funcionou en Muros entre 1972 e 1990 coñecéronse Eva Martínez e Antonio Formoso en 1989, como tantas outras parellas da zona. Casaron ao quedar ela embarazada e a súa filla Alexandra naceu ao ano seguinte, xusto cando pechou a Paraíso. Como tantas outras familias emigraron e andaron a tombos dun lado a outro deixando que a vida decidise por eles. Vinte e cinco anos despois, atopamos a Eva de volta en Muros coidando de seu pai e traballando no supermercado que abriron no mesmo local que ocupaba a sala de festas. Antonio segue en Canarias. Álex acaba de rematar un mestrado de cine en Barcelona e viaxa a Muros para facer o seu primeiro documental. Unha película sobre os seus pais, sobre a distancia que as súas vidas abriron entre aquel paraíso e este supermercado, un retrato do desarraigo vital de toda unha xeración.


As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.



Domingo 23 de outubro
ás 12.00 horas
Centro cultural A Fábrica, de Perillo

XII Festival Internacional Consorcio As Mariñas-Galicreques 2016

“OS SOÑOS NA GAIOLA”




Nome da compañía: Títeres Alakrán
Procedencia: Galicia
Técnica: variadas e teatro de actor
Idioma: galego
Duración: 50 minutos
Idades recomendadas: a partir de 5 anos

Sinopse: O titiriteiro chega á vila cunha gaiola cargada de soños. Acompáñao o poeta Manuel María transformado en monicreque. Manuel María quere que o titiriteiro represente os poemas que el escribiu para divertir o público. Para facelo, o titiriteiro pídelle aos integrantes do público que sopren forte para lle axudaren a facer nacer a Alicia, a nena protagonista desta historia. Alicia vivirá unha serie de fantásticas aventuras na súa viaxe por un mundo que lle resulta exótico, estraño, e mesmo incompreensible.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Domingo 23 de outubro
às 18.30 horas
Centro cultural A Fábrica, de Perillo

XII Festival Internacional Consorcio As Mariñas-Galicreques 2016 “EL NIÑO QUE SOÑABA”



Nome da compañía: La Mar de marionetas
Procedencia: Madrid
Técnica: espectáculo musical de teatro de marionetas
Idioma: castelán
Duración: 60 minutos
Idades recomendadas: a partir de 5 anos

Sinopse: O espectáculo achéganos a historia de Moni, un neno cun talento especial para a música, que vive en Guinea Bissau. Facémonos eco do seu sono e acompañámolo a través do camiño que ten que percorrer para atopalo. En Guinea Bissau, os mitos e as lendas, xunto aos contos tradicionais, arroupan a vida dos máis pequenos. Entre adiviñas e astucias, os protagonistas destas historias, na súa maioría animais, afrontan conflitos que preparan o neno para adaptarse á súa propia realidade. Esta obra reflicte a vida cotiá dun “neno que soña”, cantiga a cantiga, ritmo a ritmo, conto a conto.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 29 de outubro
às 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

Contraproducións S.L. presenta
o seu espectáculo

O TOLLEITO DE INISHMAAN,

de Martin McDonagh, baixo a dirección
de Cándido Pazó.


Xénero: comedia

Duración: 100 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Santi Romay, Susana Dans, Ana Santos, Evaristo Calvo, Melania Cruz, Marcos Pereiro, Toni Salgado e Ricardo de Barreiro

Sinopse: Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosas, pintorescas, características... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente illado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito cerrado que está obrigado a habitar; un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo
de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

**Domingo 30 de outubro
às 20.00 horas**

Teatro As Torres, Santa Cruz

PROYECCIÓN DE UN VIAJE DE DIEZ METROS

Dirección: Lasse Hallström

País: Reino Unido

Ano: 2013

Duración: 123 minutos

Xénero: comedia

Cualificación: todos os públicos

Reparto: Clement Sibony, Helen Mirren, Om Puri

Sinopse: Unha familia india trasládase ao sur de Francia. Alí deciden abrir un restaurante enfronte dun luxoso restaurante francés de alta cociña cunha estrela Michelin, rexentado pola odiosa madame Mallory.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 5 de novembro
às 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

A compañía IT-eatro,
presenta o seu espectáculo
FACENDO AS PARTIXAS,
dirixido por Alejandro Albaiceta.



Unha adaptación da obra “Hay que deshacer la casa”, de Sebastián Junyet.

Xénero: drama

Duración: 90 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Nanda Tasende, Tatiana Mouro

Sinopse: Anos 80. O país espreguizase na democracia. Dúas irmás reúnen-se despois de anos sen verse para repartir a herdanza e a casa familiar. Ana, a irmá menor e progresista, deixou a familia hai moito e estivo desconectada mentres Laura, a maior e conservadora, quedou a coidar dos seus pais ao tempo que sacaba adiante a súa propia familia. Neste reencontro, mentres lembran o pasado, xorden pantasmas e reproches, pero ambas as dúas descubrirán que teñen máis cousas en común das que pensaban. A reconciliación entre as irmás e cada unha consigo mesma, converterase nos alicerces dun esperanzador futuro.

As entradas pñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

**Domingo 6 de novembro
ás 20.00 horas**

Centro cultural A Fábrica, de Perillo

**A Agrupación Musical Albéniz
presenta os seu espectáculo
INVITACIÓN
A UNHA VIAXE SONORA**



Elenco: *Pedro Ramos* (voz), *Orquestra da Agrupación Musical Albéniz* (música)

Espectáculo concibido por Rafael Alberti como unha cantata para recitador e cuarteto de laúdes (dúas bandurrias, un laúd tenor e un laudón) con poemas orixinais do poeta e música de diversos autores na que nos ofrece un percorrido pola música galega e española desde o século XVI até o século XX.

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



Venres 11 de novembro
ás 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

Boneca Lareta, presenta
o seu espectáculo
FILOSOLFANDO,
escrito e dirixido por Diego Rey.

Xénero: comedia musical

Duración: 70 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Luís Iglesias e Xabier Deive

Sinopse: É a continuación natural, tal vez a evolución necesaria, da anterior montaxe Sede de Mal. Nesta ocasión, os dous intérpretes suben ao escenario para reflexionar sobre unha cuestión simple, sinxela e mundana, unha cuestión que é tan vulgar que lle acontece a calquera, mesmo a un ninguén: a existencia! Esa é a cuestión e non outra. A filosofía proclama iso de que un ser humano “pensa, logo existe.” Pero... de verdade facemos unha cousa antes ca outra?



As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 19 de novembro
às 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

Eme2 Producións, **presenta o seu espectáculo** **GET BACK,**

escrito por Diego Ameixeiras
e dirixido por Jorge Coira.



Xénero: comedia

Duración: 90 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Afonso Agra, Federico Pérez, Tamara Canosa, Miguel Guido, Mercedes Castro

Sinopse: Son cinco e van nun vagón de metro. Son cinco e teñen moitas cousas en común. Pero eles non o saben. Aínda. Saben que van no mesmo vagón de metro. Saben de onde veñen, pero ningún está moi seguro de cara a onde vai. Son xente normal e están en Londres. Se son normais e están en Londres é que probablemente sexan emigrantes. Están no metro e como non poden mirar para as paredes, miran para o móbil que vai cuspindo algunhas novidades do lugar do que proceden. Pero o metro detense. Para en ningures porque queda atascado no medio do túnel e pode ser unha avaría, un atentado, unha folga ou todas as cousas á vez. O metro para e comezan os problemas. Porque son cinco, porque teñen moitas cousas en común pero non o saben, porque están lonxe de onde son e porque cada un deles ten urxencias particulares.

As entradas pñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 26 de novembro
ás 20.30 horas

Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera

Ibuprofeno Teatro,
presenta o seu espectáculo
RACLETTE,
de Santiago Cortegoso,
baixo a dirección de Santiago Cortegoso.

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 75 minutos

Cualificación: maiores de 12 anos

Elenco: Salvador del Río, Deborah Vukusic, Toni Salgado, Iria Sobrado e Marián Bañobre

Sinopse: A **Raclette** é un xeito de comer en comunidade inventado polos pastores suízos que, para escorrentaren o frío e a soidade da montaña, se reunían arredor dunha pedra quente ao lume para ir cociñando nela, a medida que comían, queixo, carne e verduras. Esta raclette urbana e contemporánea une, durante unha cea, dúas tramas que aparentemente non teñen relación, pero que conviven e se entrelazan para rematar contando unha historia terrible que trata temas universais como a morte, a parella, a maternidade, a cobiza e a violencia.




As entradas poñeranse á venda a partir das 19.30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

**Domingo 18 de decembro
ás 19.30 horas**

**Auditorio Gabriel
García Márquez, Mera**

CONCERTO DE NADAL das corais municipais



Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as corais de Oleiros, co fin de intercambiar impresións e felicitarnos o Aninovo.



Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



**Mércores 28 de decembro
ás 18.00 horas**

Centro cultural A Fábrica, de Perillo

A compañía
Caramuxo Teatro,
presenta o espectáculo
PAVILLÓN LINO,
escrito por Laura Sarasola
e Juan Rodríguez e dirixido
por Caramuxo Teatro



Duración: 45 minutos

Idades recomendadas: a partir de 5 anos

Elenco: Laura Sarasola, Juan Rodríguez e Xosé Vilarelle


Sinopse: O titiriteiro chega á vila cunha gaiola cargada de soños. Acompañao o poeta Manuel María transformado en monicreque. Manuel María quere que o titiriteiro represente os poemas que el escribiu para divertir o público. Para facelo, o titiriteiro pídelle aos integrantes do público que sopren forte para lle axudaren a facer nacer a Alicia, a nena protagonista desta historia. Alicia vivirá unha serie de fantásticas aventuras na súa viaxe por un mundo que lle resulta exótico, estraño, e mesmo incomprendible.

As entradas poñeranse á venda a partir das 17.00 horas,
ata completar a capacidade da sala.

Xoves 29 de decembro
ás 18.00 horas
Centro cultural A Fábrica, de Perillo

A compañía Baobab Teatro,
presenta o espectáculo

LUPPO,
escrito por Andrea Bayer
e dirixido por Óscar Ferreira e Andrea Bayer.



Duración: 50 minutos
Idades recomendadas: a partir de 4 anos
Elenco: Andrea Bayer e Xosé Manuel Esperante

Sinopse: Luppo é un home maior que vive só e todos os días, ás doce en punto do mediodía, acende o seu gramófono e escoita ópera. Sempre a mesma canción. Ten un amigo, Tulún, un neno que tamén todos os días lle leva o pan, as especias e o xornal. E todos os días Luppo lle relata unha historia da súa vida a Tulún. Unha mañá Tulún chega coa compra e Luppo non está...

As entradas poñeranse á venda a partir das 17.00 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

Venres 30 de decembro
ás 18.00 horas
Centro cultural A Fábrica, de Perillo



A compañía Tanxarina Títeres,
presenta o espectáculo
A CASA DO AVÓ,
escrito e dirixido por Cándido Pazó.

Duración: 50 minutos

Idades recomendadas: a partir de 6 anos

Elenco: Andrés Giráldez Río, Eduardo A. Rodríguez Cunha “Tatán” e Miguel Borines Fernández (actores e manipuladores)

Sinopse: Un neno recibe o aviso de que o seu avó vai ser desaloxado da súa casa porque foi embargada por un banco. Na medida na que o neno se pon en marcha para axudar o seu avó dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras, nun encontro entre o cómico e o poético, que desembocan nun final feliz propiciado polo apoio solidario. Un traballo sobre mesa con siluetas e figuras planas articuladas e coa participación dos membros da compañía Tanxarina, nun permanente xogo de relación entre bonecos, escenografías e actores

As entradas poñeranse á venda a partir das 17.00 horas,
ata completar a capacidade da sala.

- Prégase puntualidade.
Por respecto aos artistas e ao resto do público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.


- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.

- Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.

- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.

- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.





Calendario de actuaciones

Setembro

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24 	25
26	27	28	29	30		

Outubro

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
					1 	2 
3	4	5	6	7 	8 	9
10	11	12	13	14	15 	16 
17	18	19	20	21	22 	23 
24 31	25	26	27	28	29 	30 





Novembro

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
	1	2	3	4	5 	6 
7	8	9	10	11 	12	13
14	15	16	17	18	19 	20
21	22	23	24	25	26 	27
28	29	30				

Decembro

luns	martes	mércores	xoves	venres	sábado	domingo
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18 
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28 	29 	30 	31	





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



**Deputación
DA CORUÑA**

**Consorcio
As Mariñas**



AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**